



CONCELLO DE REDONDEIRA

**ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO, QUE SE
CELEBROU O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2014**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobar, no seu caso, a acta anterior
- 2 Informar sobre as actuacións a desenvolver na parroquia
- 3 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e corenta minutos, do día dezaseis de outubro de dous mil catorce, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira ANA MARIA ALONSO ALONSO reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS, representante do grupo municipal do PP

INÉS BASTOS ALONSO, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE

MARÍA ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante do grupo municipal do BNG

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ

DA ASOCIACIÓN DE MULLERES:

MARÍA DOLORES PAZOS OTERO

DA COMUNIDADE DE AUGAS:

RAFAEL CASTRO CASTRO



CONCELLO DE REDONDEIRA

INCIDENCIAS: Non asistiron: SABINO AMOEDO DACOSTA, representante da Comunidade de Montes e don CESÁREO ÁLVAREZ LAGO, representante das Asociacións Deportivas.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretta González Enes que actúa como secretaria, e que da fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer.

Intervén Amante Romero Álvarez indicando que na relación de asistentes e ausentes hai un erro.

Acórdase que se modifique este apartado incluíndo como asistentes á reunión do día 10 de xullo a Manuel Bastos Bastos e a Constante Álvarez Álvarez e como ausente a don Manuel Fernández Álvarez.

Non habendo ningunha outra observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobou á acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario, o día 10 de xullo de 2014.

2 INFORMAR SOBRE AS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER NA PARROQUIA

A presidenta inicia a súa intervención preguntando sobre as actuacións que se acordaron facer con cargo aos orzamentos participativos.

Amante Romero Álvarez pregunta en que situación se atopan as xestións relativas á ampliación da curva no Camiño do Campiño.

Intervén M.^a José Barciela Barros amosando aos membros do Consello un plano da obra a realizar no muro e de que como está prevista que se leve a cabo.

Ana M.^a Alonso Alonso pregunta á concelleira se o aparelador do Concello achegou un orzamento ao que M.^a José Barciela Barros responde que este para realizar o proxecto xa o axustou á cantidade que está prevista nos orzamentos participativos.

Informa tamén que a tramitación a seguir é solicitar 3 orzamentos e a obra será adxudicada á empresa que presente o orzamento máis económico e completo.



CONCELLO DE REDONDELA

Constante Álvarez Álvarez intervén dicindo que a opción máis vantaxosa sería outorgarlle o contrato á empresa que faga máis metros polo mesmo prezo.

A presidenta aclara que as empresas teñen que axustarse aos pregos de contratación e as condicións que estes establecen.

En relación a este tema, pide a palabra Paulo Medal Fiel indicando que unha opción sería solicitar que os orzamentos tivesen máis en conta os metros e non o prezo, è dicir, primar os metros e non tanto o prezo que ofrece.

Que se poderían pedir 3 ofertas basadas no prezo e 3 ofertas basadas nos metros da obra.

Indica a presidenta que o cálculo será por metro cadrado.

A continuación, pregunta se non se vai realizar ningunha actuación máis con cargo aos orzamentos participativos ao que Amante Romero Álvarez responde que non, que só van facer o antedito muro.

Para finalizar, a presidenta indica que deberían falar co dono do terreo para que consulte o plano da obra que realizou o aparelador do Concello co fin de que confirme se está de acordo ou non co proxecto. Se o estivese, o aparelador concretaría con exactitude os metros que abrangaría a obra.

3 VARIOS

Intervén Amante Romero Álvarez preguntando que sucede cos saneamentos.

M.^a José Barciela Barros informa que, en relación co saneamento do Camiño da Quirincosta, houbo un empate na puntuación que obtiveron 2 empresas, polo que hai que esperar a que se resolva.

Sobre o saneamento de Cambeiros informa que xa está concedido a unha empresa e, sobre o traballo a realizar para engadir 2 canos no saneamento na Senda da Auga, indica que hai que esperar ata xaneiro para poder facelo pero que xa teñen as sinaturas.

A continuación, intervén M.^a Dolores Pazos Otero preguntando que ocorre co recibo do IBI porque está incrementándose dun ano para outro.

A presidenta informa que no ano 2005 o Concello solicitou ao Catastro unha revisión de valores, o que implicou un incremento. Pero para que ese incremento dos valores non se aplicase de golpe, acordouse que se fora aplicando de forma progresiva durante o período 2005-2015, de xeito que vaia subindo ano a ano.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Indica que os recibos teñen a mesma porcentaxe só que se aplica de forma diferida, actualizándose progresivamente para que cheguen ao valor das casas no ano 2005.

Continúa a súa intervención, indicando que se o Concello non solicita agora unha nova revisión catastral é porque non ten a garantía de que os valores catastrais vaian baixar e que, por outra banda, de solicitalo o Concello estaría case de último á hora de que o catastro fíxese esa revisión porque hai moitos outros concellos que xa a solicitaron con anterioridade.

Indica tamén que o Concello non subiu ningún imposto e que incluso se baixaron, por exemplo, as taxas das terrazas.

A presidenta informa que o Concello, co fin de regularizar a situación das vivendas que non están dadas de alta, permitirá que ata fin de ano os/as veciños/as que dean de alta as súas casas non paguen a taxa que cobra o catastro.

Ao respecto, Amante Romero Álvarez indica que debería informarse mellor sobre isto xa que eles non tiñan coñecemento.

Ana M.^a Alonso Alonso di que se pode pasar un informe ás asociacións para que teñan coñecemento deste tema.

A continuación, a presidenta informa en que punto se atopa o Plan Xeral do Concello, indicando a dificultade de que este saía adiante tendo en conta as peculiaridades do Concello por estar afectado o seu territorio por diversas infraestruturas (Renfe, Costas, etc.) o que dificulta a súa elaboración e incrementa os gastos deste.

Por estes motivos o proxecto revisouse moitas veces, tendo incluso que indemnizar traballos anteriores que non se puideron concluír por non servir o proxecto.

O Concello prevé analizar cómo se pode avanzar ao respecto e indica que existe un acordo de que as bases do Plan sexan elaboradas por técnicos da Xunta de Galicia.

En relación a esto último, Paulo Medal Fiel pregunta se este compromiso está por escrito ao que Ana M.^a Alonso Alonso responde que non llo pode confirmar.

A continuación intervén Amante Romero Álvarez indicando a relación de reclamacións pendentes:

-Camiño da Quirincosta: Pregunta se o saneamento se vai a facer. M.^a José Barciela Barros responde que si.

-Camiño das Fontiñas: A presidenta indica que as obras realizaranse no mes de xaneiro.



CONCELLO DE REDONDELA

-Camiño das Grañas: Amante Romero solicita que se engada unha reixela ao que M.^a José Barciela Barros responde que hai que esperar.

-Camiño dos Covelos: Amante Romero reitera as queixas transmitidas en anteriores reunións de que o firme está en moi mal estado.

-Camiño da Igrexa de Cabeiro: Comunican que a varios veciños lles entra auga nas vivendas.

-Camiño do Eido Vello: Solicitan que se fagan cunetas e que se mellore o pavimento.

-Camiño da Coutada Vella: Un cano está atoado.

-Solicitan 2 taboleiros de anuncios en Mangoeiros: A concelleira M.^a José Barciela informa que non hai orzamento para iso. A presidenta propón que se sobra diñeiro dos orzamentos participativos se poidan mercar con cargo a estes.

-Solicitan que se arranxe o muro que está fronte o aparcadoiro da casa da Brava porque está caendo a estrada, entre o quitamedos e a casa. O dono está disposto a doar terreo.

- Sinais de tráfico: Amante Romero di que se puxeron varias pero que aínda faltan as de animais soltos e as de tonelaxe no tramo que vai cara ás mámoas e no campo de fútbol. A concelleira indica que só faltan 2 sinais. A presidenta comenta que non hai orzamento pero que van intentar poñelas.

Respecto á sinal de tonelaxe van falar con concelleiro de interior para que lles explique porque non se pode poñer.

- Camiño das Coviñas: Solicitan que se asfalte por que o formigón está en moi mal estado.

- Camiño dos Cambeiros: M.^a José Barciela Barros indica que se vai facer o saneamento e aproveitando estas obras, vaise realizar o que haxa pendente, pero que estes traballos serán con cargo ao saneamento de Negros.

-Camiño do Barrás: Solicitan arranxar un tramo que se atopa en mal estado.

-O tramo de cunetas do Camiño dos Lagos, ao lado do transformador: A concelleira indica que a solución é moi difícil pola altura que teñen.

-Solicitan que se instale unha marquesiña no Colexio Público de Portocabeiro: A presidenta indica que lle consultarán ao concelleiro de vías e obras se está prevista a súa colocación.

-Camiño da Fonte de Miguel: Amante Romero Álvarez informa de que hai un problema entre a estrema de Vilar e Cabeiro xa que pasa auga polo camiño municipal, que está en mal estado.

- Camiño do Campiño: As cunetas dende a baranda do rio ata arriba (Casa de Miguel) están desfeitas.

Intervén M.^a Dolores Pazos Otero indicando que onde está a súa casa, o tubo se atoa xa que é pequeno e leva con este problema varios anos. Solicita que se cambie este tubo por outro máis grande.

M.^a José Barciela Barros indícalle que esta obra ten que realizala Fomento e que llo debería reclamar por escrito a este, algo que M.^a Dolores Pazos Otero asegura que xa fixo.



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación, M.^a José Barciela Barros pregunta que axudas e subvencións solicitou a Asociación de Veciños á Deputación de Pontevedra.

Amante Romero Álvarez responde que non se solicitou nada.

A presidenta intervén indicando que outras asociacións téñenas solicitado e que a Deputación lles ten concedido, polo que lles recomenda que as soliciten no futuro. A recomendación faina estensible á Comunidade de Augas e ás Asociacións Deportivas.

M.^a Ánxeles Babarro Fernández di que antes o Concello informaba ás diferentes asociacións das axudas que podían solicitar e dos prazos para facelo, etc.

Ana M.^a Alonso Alonso responde que actualmente tamén se segue enviando esa información.

A continuación, Amante Romero Álvarez intervén requirindo que o Concello debe esixirlle ás empresas que fan as obras do saneamento que estas queden ben, que se controle a realización destas obras para que despois de rematadas non se presenten problemas como ten pasado noutros saneamentos.

M.^a José Barciela Barros indica que eles non poden realizar esta supervisión xa que é unha función do persoal técnico que é o que ten os coñecementos necesarios para controlar como se fan as obras.

Por último, os membros do Consello deciden establecer a data da próxima reunión ordinaria, quedando establecida, salvo impedimentos posteriores, para o día 15 de xaneiro de 2015, ás 20:30 horas.

Así mesmo acordan reunirse en sesión extraordinaria cando as xestións da obra do muro que se vai realizar con cargo aos orzamentos participativos estean máis avanzadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as dez horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

ANA M^a ALONSO ALONSO

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES